

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE ABRIL DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:35 horas do día 7 de abril de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8d, 9d, 10d e 11a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 7b, 7c, 8b, 8c, 9b, 9c, 10b e 10c)
D. Fernando Carballo Villar (asiste ao punto 15a)
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 3 de abril de 2017

Apróbase a acta da sesión do 3 de abril de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "ximnasia para persoas maiores" (15.315-333)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 16 de marzo de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. SENES CIT, S.L.
2. MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.

Durante o prazo concedido, só presentou documentación MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L., da que se deu traslado ao responsable do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O 30 de marzo de 2017 o director deportivo - xefe da Unidade Técnica emitiu informe sobre a xustificación presentada, concluíndo que a súa baixa se considera xustificada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de SENES CIT, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 27 de marzo de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU- CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Durante o prazo concedido, só presentou documentación a UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU- CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L., da que se deu traslado ao responsable do contrato. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. comunicou por fax que non presentarían documentación para a xustificación da súa oferta.

O 31 de marzo de 2017 a enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos emitiron informe sobre a xustificación presentada concluíndo que *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a **exclusión** deste procedemento dos seguintes licitadores por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU- CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 16 d marzo de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.
3. UTE NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. e MONCOSA OHS, S.A.

Durante o prazo concedido:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- CIVIS GLOBAL, S.L. presentou un escrito de renuncia á xustificación alegando *“non nos é posible obter a documentación complementaria necesaria para poder realizar de forma adecuada dita xustificación dentro do prazo establecido”*.
- A UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJÓ, S.A. non presentou documentación ningunha.
- A UTE NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. e MONCOSA OHS, S.A. presentou un escrito de xustificación o 21 de marzo de 2017, último día do prazo. Ese día, segundo consta no informe emitido polo técnico de Sistemas o día 22 de marzo, *“houbo unha incidencia na base de datos central do Concello de Vigo sobre a táboa que almacena os arquivos anexados dende o Rexistro Electrónico”*. *“Esta táboa alcanzou o máximo permitido en espazo provocando que o arquivo adxuntado no Rexistro Electrónico “JUSTIFICACIÓN TEMERARIA RUA BUEU_VIGO_UTENEMESIO-MONCOSA.pdf” de 12794696 bytes, ás 14:06 horas con número de documento de rexistro 170042867 non quedase almacenado nos sistemas municipais”*. Tendo en conta o anterior concedéuselle ao licitador un prazo de 10 horas (prazo que restaba desde a presentación do seu escrito ata a finalización do prazo inicial) para a presentación da correspondente documentación. Esta documentación foi presentada dentro do prazo concedido, dándoselle traslado dela ao responsable do contrato.

O 4 de abril de 2017 os enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe sobre a xustificación presentada pola UTE NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. e MONCOSA OHS, S.A. no que conclúen *“pódese por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJÓ, S.A.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo director deportivo - xefe da Unidade Técnica o 31 de marzo de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* e proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 4 de abril de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 4 de abril de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 5 de abril de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo director deportivo - xefe da Unidade Técnica o 31 de marzo de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación, se ben se deixa constancia de que no cadro resumo das puntuacións finais non debería figurar o licitador SENES CIT, S.L., por canto se acordou no punto 7a a súa exclusión do procedemento.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 4 de abril de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 4 de abril de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017”

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 5 de abril de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” a SENES CIT, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado no prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.	95,50
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	84,25
3	PABLO CASAL NUÑEZ.	34,76

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 943,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” (4.095-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 31 de marzo de 2017:

1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,15
2	EXTRACO, S.A.	92,62
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	92,31
4	ORECO, S.A.	91,09
5	MISTURAS, S.A.	91,04
6	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,17
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,52
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,06
9	COPCISA, S.A.	86,67
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	85,37
11	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	82,62
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	76,09

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

- administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.029,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de decembro de 2016, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. e NAROM, S.L. por non dispor da solvencia técnica e económica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado no prazo concedido:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu na seguinte orde descendente:

Empresas		Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	94,99
2	EXTRACO, S.A.	94,27
3	UTE NEMESIO ORDÓNEZ, S.A. - MONCOSA OHS, S.A.	94,15
4	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	93,45
5	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	93,08
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,56
7	ORESA, S.L.	92,16
8	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA)	92,07
9	UTE DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.- HIDROMIÑO, S.L.U.	92,06
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. E CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.A.	92,02
11	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	91,97
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	91,73
13	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	91,29



Empresas		Puntuación
14	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,19
15	CONSTRUCCIONES OREGA, SL.	90,88
16	ORECO, S.A.	90,84
17	ELSAMEX, S.A.	89,37
18	UTE SIELVIGO, S.L. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	89,28
19	COPCISA, S.A.	88,76

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.000,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” na seguinte orde descendente:

Licitador		Puntuación
1	NEWLINK EDUCATION, S.L.	94,50

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEWLINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.037,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17.500-332)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 20 de marzo de 2017 foi notificado o acordo de clasificación ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., que presentou a documentación requirida o 3 de abril de 2017, dentro do prazo concedido.

Tras a cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, outorgar un prazo de 3 días a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. para que emende a documentación presentada, de acordo co previsto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares:

1. Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 deste prego.
2. Recibo de pagamento da póliza do seguro de responsabilidade civil presentada.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol de Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol de Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de reforma do campo de fútbol de Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333).

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, do licitador COVIASSTEC, S.L. por non dispor dunha das dúas clasificacións obrigatorias esixidas na cláusula 8.4.3º e no apartado 6A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (grupo I - subgrupo 9 - categoría 1).

Segundo.- Excluir deste procedemento á UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. e MANUEL NOVOA CASTRO, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, segundo consta no informe emitido polo director deportivo - xefe da Unidade Técnica do 20 de febreiro de 2017, e non ter presentado xustificación ningunha durante o prazo concedido.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA	99,79
2	ORECO, S.A.	99,40
3	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	98,56
4	GPD CONSTRUCCIONES, S.A.	98,47
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	98,21
6	UTE SIELVIGO, S.L. - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	97,06
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	96,48
8	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. - CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.	95,41
9	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. - SANSIGA, S.L.	92,43
10	ALVAC, S.A.	90,85
11	UTE OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. - CONSTRUCCIONES GLESA, S.A.	89,32
12	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	73,08
13	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	71,84

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.046,98 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, o día 23 de marzo de 2017, que presenta a documentación requirida o 3 de abril de 2017, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordOU, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 de febreiro e 14 de marzo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, SA, o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15.342-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 534.344,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 92.737,39 euros.*
- b) Propón un incremento do prazo de garantía de 48 meses (total 60 meses).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612)

Entrégase o informe emitido pola Dirección Xeral da Policía (Unidade Territorial de Seguridade Privada do Ministerio do Interior) de data 16 de marzo de 2017 en relación co transporte de fondos por empresas de seguridade que conclúe *“unha empresa de seguridade que non estea autorizada polo Ministerio do Interior para realizar a actividade de transporte de fondos (ao igual que unha empresa que non sexa de seguridade privada), en ningún caso pode realizar este tipo de servizo, con independencia da contía do efectivo que se pretenda transportar e a súa frecuencia”*. Presente na sesión o xefe do servizo, aclara que este informe foille entregado en man, sen prexuízo da súa posterior presentación no Rexistro Xeral.

A secretaria dá conta aos membros da Mesa da documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., mediante escrito de data 28 de febreiro de 2017. Ao referido escrito a empresa achegou alegacións ao *“requirimento documentación para a adxudicación expediente contrato maior para servizo vixilancia nocturna en Vigozoo”* nas que concluía *“En consecuencia, non se aporta porque non pode esixirse a referida autorización para o transporte de efectivo, máxime, cando o prego de condicións non establecía dito requisito, nin tampouco pode ser motivo de non adxudicación do contrato a súa non aportación”*.

Atendendo ao obxecto do contrato *“a prestación do servizo de seguridade e vixilancia preventiva nocturna e de recollida e custodia da recadación da taquilla nas instalacións de Vigozoo”* (apartado 2A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares), e tendo en conta a habilitación profesional esixida no apartado 6E:

“As empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio de Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio e cuxo ámbito de actuación quedará limitado ao seu territorio (artigos 11 e 27 da Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada).

Con dita inscrición acredítase que a entidade licitadora figura inscrita como empresa de seguridade privada e conta coas pertinentes autorizacións ou, no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



seu caso, ter presentadas as declaracións responsables ou obtidas as preceptivas habilitacións ou acreditacións”.

así como o citado informe da Dirección Xeral da Policía (Unidade Territorial de Seguridade Privada do Ministerio do Interior) de data 16 de marzo de 2017, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade:

1. Que polo Servizo de Contratación se dea resposta ás alegacións formuladas por GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., dándolle traslado do informe emitido pola Dirección Xeral da Policía o 16 de marzo de 2017.
2. Propoñer á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta.

Segundo.- Iniciar os trámites pertinentes para proceder á devolución da garantía depositada por GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. (por importe de 14.600,00 euros), así como o importe abonado en concepto de anuncios (1.804,39 euros).

Terceiro.- Requirit a o licitador clasificado en segundo lugar, UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS SPAIN, S.A., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno na sesión do 16 de febreiro de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, segundo a cláusula 8 e o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP, esíxese unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato; para tal efecto deberán presentar a documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio como empresa autorizada para as actividades de vixilancia e transporte e distribución de efectivo (necesarias para a realización do obxecto deste contrato -apartado 2A do Anexo I -FEC-).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.

Cuarto.- Requirit á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS SPAIN, S.A. o aboamento de 1.804,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:42	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A843-CDDC2F-89B62A-KQX3B2-D6XKA5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		